



Instrución: 2/2013	Data: 9 de agosto de 2013
--------------------	---------------------------

Asunto: Intensificación da actividade investigadora e innovadora no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia

Orixe: Xerencia do Servizo Galego de Saúde

Ámbito: Servizo Galego de Saúde

A Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, considera a investigación científica e técnica como concepto equivalente á investigación e desenvolvemento, entendido como o traballo creativo realizado de xeito sistemático para incrementar o volume de coñecementos e o uso dos mesmos para crear novas aplicacións, a súa transferencia e divulgación.

A Disposición Adicional cuarta da mesma Lei 14/2011, establece que o persoal que preste servizos en centros do Sistema Nacional de Salud ou vinculados ou concertados con él que, xunto á actividade asistencial, desempeñe actividade investigadora, será considerado persoal investigador para os efectos do establecido no capítulo I do Título II da mesma lei, sen prexuízo das condicións de carreira e laborais que establezan as súas correspondentes regulacións de traballo.

O Servizo Galego de Saúde, dentro da “Estratexia SERGAS 2014”, pretende promover, incentivar e recoñecer as actividades de investigación e innovación por parte dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia, como elemento clave na realización de proxectos de investigación e innovación sanitaria, garantindo ao mesmo tempo a calidade da asistencia sanitaria prestada aos usuarios do sistema.

Para cumprir estes obxectivos cómpre que os profesionais dispoñan do tempo necesario para a realización de proxectos de investigación e innovación sanitaria, nun marco determinado e transparente que garanta a complementariedade dos labores investigador e asistencial, garantindo a atención sanitaria de calidade e incentivando as actividades de investigación e innovación.

Nesta mesma liña, o Sistema Público de Saúde de Galicia ven mantendo o seu apoio á investigación e a innovación sanitaria, e a promoción do talento como medio para acadar os mellores niveis de calidade tanto na formación e desenvolvemento profesional dos seus recursos humanos, coma nos niveis de calidade da asistencia prestada aos seus usuarios.

Tendo en conta o anterior, procede ditar as seguintes

INSTRUCIONS

Primeira.- Obxecto xeral.

Constitúen o obxecto das presentes instrucións determinar:

- a) Os requisitos que deben cumprir os profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia para o acceso aos programas de intensificación da actividade investigadora e innovadora.
- b) Os procedementos para articular o acceso dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia aos programas de intensificación, atendendo ás características do seu financiamento.
- c) As condicións para que as tarefas do persoal que participe en programas de intensificación poidan ser cubertas por outros profesionais, de conformidade cos mecanismos vixentes para a cobertura de ditas necesidades, con cargo aos fondos procedentes dos proxectos de investigación o innovación, a fin de acadar o autofinanciamento e sostibilidade do sistema e das propias accións de investigación ou innovación.

Segunda.- Ámbito subxectivo xeral.

- 1.- O previsto nas presentes instrucións será de aplicación aos profesionais do Servizo Galego de Saúde e das súas entidades vinculadas ou dependentes cando así se determine mediante o oportuno convenio.
- 2.- Quedan excluídos os proxectos de investigación promovidos ao abeiro dos programas “Innova Saúde” e “Hospital 2050”, que se rexerán segundo o procedemento propio establecido nos mesmos.

Terceira.- Garantía da prestación asistencial.

Deberá quedar garantida en todo momento a prestación asistencial aos usuarios do sistema, de xeito que a realización dos programas non poderá supoñer menoscabo ou diminución na calidade e extensión daquela prestación por parte dos centros, servizos e establecementos integrantes do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Cuarta.- Tipos de proxectos segundo a orixe do financiamento.

As presentes instrucións aplicaranse á intensificación tanto en proxectos de investigación ou innovación financiados con fondos alleos ao Servizo Galego



de Saúde, coma en proxectos financiados con fondos propios ou transferidos dos que sexa beneficiario o organismo autónomo.

Quinta.- Modalidades de Intensificación

Modalidade A: Intensificación financiada con fondos alleos.

Aplicarase a proxectos de investigación ou innovación sanitaria financiados en convocatorias realizadas en réxime de concorrencia competitiva, por un organismo público (europeo, nacional ou autonómico) ou por un ente financiador de orixe privado. Tamén poderá aplicarse para proxectos de investigación non competitivos, sempre que a Xerencia do centro así o autorice.

Modalidade B: Intensificación financiada con fondos propios ou fondos transferidos dos que sexa beneficiario o Servizo Galego de Saúde. Aplicarase a proxectos de investigación ou innovación sanitaria financiados en convocatorias realizadas en réxime de concorrencia competitiva por un organismo público (europeo, nacional ou autonómico) do que o Servizo Galego de Saúde é beneficiario ou a proxectos propios ou iniciativas estratéxicas para o centro, Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade financiados con fondos propios.

Sexta.- Definicións.

Para os efectos das presentes instrucións, entenderase por:

- **Carga asistencial:** Actividade asistencial detallada e cuantificada por número de xornadas completas semanais, referida á carteleira do/a profesional substituído/a.
- **Investigador:** Profesional con dedicación parcial ou total a actividades de investigación e/ou innovación no marco da súa vinculación laboral.
- **Grupo de investigación/Innovación:** Conxunto de investigadores con intereses comúns, agrupados en torno a un coordinador ou xefe de grupo, que traballan nunha liña ou liñas de investigación/innovación cun obxectivo determinado e presentan una traxectoria conxunta con proxectos de investigación/innovación, publicacións científicas e/ou patentes en común.



- **Investigador coordinador ou xefe de grupo:** Investigador baixo cuxa dirección un grupo de investigación/innovación traballa nunha liña ou liñas de investigación/innovación cun obxectivo determinado.
- **Equipo de investigación/innovación:** Conxunto de investigadores que baixo a dirección dun deles (o investigador principal) desenvolven un proxecto de investigación/innovación concreto.
- **Investigador principal:** Investigador baixo cuxa dirección o equipo desenvolve un proxecto ou iniciativa de investigación/innovación.
- **Investigador colaborador:** Investigador que forma parte do grupo ou do equipo e que se atopa baixo a dirección do investigador/innovador principal ou do investigador que coordina o proxecto ou dirixe a iniciativa de investigación/innovación.
- **Intensificación:** Fomento da dedicación á actividade investigadora/innovadora do profesional facilitado pola contratación de persoal que asuma a actividade (asistencial,..), durante un período de tempo determinado.
- **Proxecto de investigación:** Procedemento que usa o método científico para dar resposta a unha pregunta de investigación e ten como fin a xeración de novo coñecemento. Estrutúrase nun documento que especifica a planificación de accións e recursos para acadar o obxectivo proposto.
- **Proxecto de innovación:** Procedemento que usa metodoloxías de xestión de proxectos específicas e ten como fin desenvolver ou introducir un novo produto sanitario (medicamento, sistema diagnóstico, dispositivo médico, software sanitario,...) ou servizos ligados ó coñecemento intensivo.

Sétima.- Requisitos xerais para a intensificación.

Poderán optar á intensificación os profesionais do Servizo Galego de Saúde ou entidades adscritas, que teñan formalizada a vinculación contractual co centro/entidade nos seguintes supostos:

Modalidade A: No caso de ser investigador principal ou colaborador dun proxecto de investigación ou innovación sanitaria de convocatorias



financiadas en réxime de concorrência competitiva por un organismo público (europeo, nacional ou autonómico) ou por un ente financiador de orixe privada. Tamén poderá aplicarse para proxectos de investigación non competitivos, sempre que a Xerencia do centro así o autorice.

Modalidade B: Coordinador, investigador principal ou colaborador dun proxecto ou iniciativa estratéxica para o centro, Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade.

De acordo coa lexislación vixente o proxecto de investigación/innovación deberá contar, se procede, co ditame favorable do Comité Ético de Investigación Clínica (CEIC) de Galicia ou órgano que asuma as súas funcións conforme ao *DECRETO 63/2013, de 11 de abril, por el que se regulan los comités de ética de la investigación en Galicia*, (DOG de 22 de abril de 2013).

A intensificación quedará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos previos:

- a) Ter formalizada a vinculación contractual co Servizo Galego de Saúde ou entidades adscritas no momento da solicitude e durante o período para o que se solicita a intensificación.
- b) Dispoñibilidade de fondos para o financiamento do substituto/a. O custo da substitución farase con cargo aos fondos do programa no que participe o profesional en intensificación; en ningún caso suporán gasto adicional para o centro, o Servizo Galego de Saúde ou entidades adscritas.
- ~~c) Dispoñibilidade de substituto/a para a cobertura da actividade correspondente ao profesional durante o período de intensificación.~~

Oitava.- Dereitos e deberes.

Os profesionais que se acollan á intensificación terán os dereitos e cumprirán os deberes previstos nos artigos 14 e 15 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, e demais normativa de aplicación.

Novena.- Incompatibilidades.

1. En función do disposto no artigo 6 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, modificado pola Disposición Final Primeira da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación (BOE 131 do 2 de xuño de 2011), poderá autorizarse ao persoal incluído no ámbito desta instrución a compatibilidade para o exercicio das



actividades de intensificación que non correspondan ás súas funcións coma persoal adscrito á Consellería de Sanidade.

2. A intensificación será incompatible con outros programas, estatais ou autonómicos, de similares características durante o mesmo período de intensificación.

Décima.- Solicitudes e documentación

Os profesionais interesados deberán achegar á Xerencia de Xestión Integrada correspondente o modelo de solicitude debidamente cuberto e a documentación completa requirida segundo o Anexo I.

No caso da Modalidade B de intensificación o responsable do proxecto estratéxico asinará a expresión de interese polo candidato e á dispoñibilidade de fondos para a intensificación.

O modelo único de solicitude (Modalidades A e B de intensificación) estará accesible no enderezo: <http://www.sergas.es/idisaude>.

As solicitudes, xunto coa documentación indicada, deberase presentar no rexistro da Xerencia de Xestión Integrada correspondente ou entidade adscrita á Consellería de Sanidade ou Servizo Galego de Saúde á que pertenza o candidato á intensificación.

Se a documentación fose incompleta, requirirase ao solicitante para que no prazo de dez días aporte os documentos necesarios á Xerencia e subsane as deficiencias, téndose por desistida a petición de non facelo, previa resolución que deberá ser notificada ao solicitante declarando o arquivo da solicitude.

Décimo primeira.- Criterios de valoración

A Xerencia de Xestión Integrada correspondente ou entidade adscrita valorará as solicitudes de intensificación presentadas, tendo en conta os seguintes criterios:

- a) O interese científico e estratéxico do proxecto a realizar durante o período de intensificación, viabilidade, e aliñamento coas áreas de interese do centro ou do Servizo Galego de Saúde.
- b) A aplicabilidade e impacto dos resultados agardados, capacidade de transferencia dos resultados á práctica asistencial, innovación tecnolóxica, posibilidades de xerar unha patente ou un modelo de utilidade, ou de incorporar melloras na práctica asistencial.



- c) Curriculum do/a solicitante
- d) Descrición e cuantificación da actividade profesional do/a solicitante

Décimo segunda.- Resolución:

1. Mediante a aplicación dos criterios indicados, o xerente da Área de Xestión Integrada ou responsable da entidade adscrita á Consellería de Sanidade ou Servizo Galego de Saúde emitirá a resolución que conterá a aceptación ou denegación da solicitude de intensificación. A xerencia poderá asesorase coa Comisión de Investigación ou órgano asesor da Dirección do centro en materia de investigación ou innovación.
2. O prazo para ditar resolución será de 30 días, contados a partir da data en que a XXI dispoña de toda a documentación necesaria para a valoración da solicitude segundo o expresado na instrución décima.
3. A resolución notificarase:
 - Aos interesados. Na resolución indicarse a data de inicio del programa de intensificación, e a súa duración total.
 - A Subdirección Xeral de Investigación, Docencia e Innovación, nesta notificación electrónica (oficina.idi.saude@sergas.es) incluírase copia en arquivo electrónico da solicitude e da documentación indicada no anexo I.
 - As xefaturas de servizo atinxidas
 - A entidade xestora de investigación do seu ámbito.

Décimo terceira.- Financiamento e xestión dos recursos humanos.

- 1.- Os recursos necesarios para a contratación e a cobertura das retribucións do persoal substituto que cubra temporalmente as tarefas propias do labor correspondente aos profesionais intensificados, imputaranse aos fondos dos programas de investigación/innovación nos que participan ditos profesionais.
- 2.- A contratación do persoal substituto farase a través do centro no que o profesional intensificado preste servizos seguindo a normativa aplicable neste tipo de contratacións, para a cobertura da actividade do profesional intensificado fixada na resolución.
A dotación económica necesaria será determinada polo centro, en función da categoría do traballador e da porcentaxe do tempo laboral que se requira cubrir por mor da intensificación.

INSTRUCCIÓN 2/13



3.- Os profesionais substitutos unicamente serán contratados durante o tempo que dure a intensificación concedida.

4. A intensificación no poderán supoñer gasto adicional para o centro, ou Servizo Galego de Saúde ou entidades adscritas

5.- A dispoñibilidade dos fondos garantirase mediante a aportación do convenio ou documentación xustificativa da adxudicación dos proxectos e dispoñibilidade dos fondos

6.- No caso da Modalidade A de intensificación: Os fondos transferiranse, nun só pago, á conta que designe o Servizo Galego de Saúde, no prazo adecuado para garantir a dispoñibilidade de fondos ao inicio da intensificación.

7.- Tanto para o caso da Modalidade A como a Modalidade B, os fondos dispoñibles nas aplicacións do Servizo Galego de Saúde para o programa de intensificación xerarán crédito no capítulo I dos orzamentos do centro, servizo ou establecemento no que o profesional intensificado preste servizos, baixo un epígrafe específico do Programa Propio de Intensificación de actividades de investigación.

Décimo cuarta.- Xustificación da intensificación:

O profesional intensificado presentará ante a Xerencia de Xestión Integrada ou órgano directivo de entidade adscrita ao Servizo Galego de Saúde á que pertenza a documentación xustificativa que se indica, no prazo de dous meses desde a finalización do período de intensificación concedido:

a) Memoria da actividade realizada durante o período de intensificación, debidamente asinada polo/a profesional beneficiario.

b) Se procede polo contido do programa, exposición das utilidades xeradas como consecuencia do proxecto de investigación/innovación, e a súa aplicación potencial no ámbito do Servizo Galego de Saúde ou do Sistema Público de Saúde de Galicia. Así coma as utilidades susceptibles de aproveitamento ou retorno para o Servizo Galego de Saúde.

O centro enviará copia da dita memoria a Subdirección Xeral de Investigación, Docencia e Innovación (oficina.idi.saude@sergas.es).

Décimo quinta.- Seguimento e control:

1.- De conformidade co previsto no artigo 15 Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, o persoal investigador ou innovador



intensificado virá obrigado a poñer en coñecemento das entidades para as que presta servizos todos os achados, descubrimentos e resultados susceptibles de protección xurídica, colaborar nos procesos de protección e de transferencia dos resultados das súas investigacións, encamiñar as súas investigacións ao logro dos obxectivos estratéxicos das entidades para as que presta servizos, informar de posibles retrasos e redefinicións dos proxectos, a finalización dos mesmos, así como a rendir contas sobre o seu traballo e responsabilizarse da observancia dos principios de xestión correcta, transparente e eficaz.

2.- O Servizo Galego de Saúde, a través da Subdirección Xeral de Investigación, Docencia e Innovación realizará un seguimento das intensificacións autorizadas e os seus resultados.

3.- A Xerencia de Xestión Integrada ou a entidade adscrita poderán revogar a concesión da intensificación cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando o persoal acollido á intensificación incumpra os seus dereitos e deberes.
- b) Cando non estea garantida a dispoñibilidade dos fondos necesarios para a cobertura da carga asistencial nos termos anteriormente previstos.
- c) Cando se produza a exclusión ou abandono do profesional intensificado do proxecto que motivou a concesión da intensificación.
- d) Cando se incumpra, total ou parcialmente o obxectivo da actividade ou do proxecto para o que se concedeu a intensificación.
- e) Cando o persoal substituto non se incorpore, cese ou renuncie ao seu contrato.

A concorrencia destas circunstancias terase en conta para os efectos de posteriores procesos de intensificación.



Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2013

A Xerente do Servizo Galego de Saúde

M^a Nieves Domínguez González

INSTRUCCIÓN 2/13



ANEXO I

Modelo de Solicitud de intensificación e documentación

- a) Modelo de solicitud asinada polo interesado.
A solicitud de intensificación debера especificar:
- Porcentaxe da xornada laboral que se solicita dedicar a tarefas de investigación ou innovación no período de solicitud.
 - Período temporal que abranguerá a intensificación.
- b) Copia do proxecto de investigación/innovación a executar.
- f) Ditame favorable do Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia, en caso de ser preciso. (De non considerar necesario este informe deberá xustificarse)
- c) Memoria de actividades, co plan de traballo previsto para o período de intensificación (cuantificación de obxectivos e cronograma con fitos de seguimento)
- d) Memoria coa descrición e cuantificación da actividade (asistencial,..) desenvolvida polo solicitante.
- e) Curriculum Vitae (preferiblemente normalizado)

No caso da **modalidade A** de intensificación:

- f) Declaración de dispoñibilidade de fondos asinado pola entidade financiadora ou xestora dos fondos
- g) No caso de que o candidato presente a súa solicitud de intensificación como resultado dunha selección previa dun proceso de convocatoria realizado pola entidade xestora de investigación, o responsable de dita entidade asinará un documento coa expresión de interese polo candidato á intensificación.

No caso da **modalidade B** de intensificación:

- h) Documento coa expresión de interese polo candidato á dita intensificación asinado polo responsable do proxecto estratéxico.
- i) Declaración de dispoñibilidade de fondos para a intensificación asinado polo responsable do proxecto estratéxico.

INSTRUCCIÓN 2/13